

## **BENVIDA AO CURSO 2025-26**

Dende **ANPA TITONGO** queremos darvos a benvida a este novo curso a todas as familias, tanto ás que veñen por primeira vez á Escola Monte Alto, como ás que continúan con nós.

Aproveitamos para presentarnos. Somos a asociación de nais e pais de alumnos/as e a nosa función é completar con iniciativas útiles o traballo que se fai dende a Escola para ofrecer aos nosos nenos e nenas o mellor nesta etapa educativa. Ademais, tamén servimos de canle para representar e dar voz ás familias para que se teñan en conta as nosas opinións nas administracións implicadas nas decisións sobre a nosa Escola.

Como en cursos anteriores, este curso están previstas as seguintes accións:

- **MÚSICA.** Levamos anos contando con Félix Arias, educador, compositor e músico da nosa cidade, que ademais da actividade semanal está moi implicado en todos os proxectos da Escola. O obxectivo das sesións é familiarizar ás nenas e nenos co mundo da música (instrumentos, ritmos, bailes, cancións...) para estimular o seu desenvolvemento integral. Está dirixida a todo o alumnado do centro, realizándose dúas sesións semanais, unha con cada grupo de idade dentro do horario escolar.
- **LAVANDARÍA.** Desde o curso 2019-2020 iniciouse a contratación dun servizo de lavandaría para toda a roupa que empregan os nenos e nenas na Escola a diario e a ANPA asume este gasto. Deste xeito non renunciamos aos beneficios de usar os mandilóns e babeiros de maneira compartida, igualitaria e sempre dispoñible, sen ter que encargarnos as familias da limpeza. Este servizo cobra especial relevancia e utilidade para as familias que fan uso do comedor.
- **COLABORACIÓN COA ESCOLA.** Colaboramos coa Escola en todo o que sexa oportuno, como por exemplo apoio en festas e saídas, realización de propostas para actividades complementarias, compra de materiais extra, etc. Sabemos que o equipo educativo está sempre atento a novos e mellores xeitos de educar ás nosas fillas e fillos, por iso estamos en continua comunicación para dar o soporte que podamos ofrecer.

A **ANPA TITONGO financia estas actividades** co apoio das familias, e para que vexades que é necesario a colaboración de todas, os gastos fixos que vos comentamos para este curso serían os seguintes:

- A actividade de música custa 140€/mes (1.300€/curso).
- A lavandaría depende dos lavados que se fagan, pero supón ao redor de 55€/mes (600€/curso).

As **vías de financiación** polo momento son estas:

- **COTA ANUAL:** Cada familia da Escola pode facerse socia por un importe de 60€/curso (80€/curso para aquelas familias que teñan mais dunha crianza na Escola este curso).
- **LOTARÍA DE NADAL:** Véndese desde finais de outubro Lotaría de Nadal mediante participacións de 5€ (xóganse 4€ no sorteo e apórtase un donativo de 1€).

Se ademais de colaborar economicamente coa ANPA te atreves a dedicarlle un tempo, estaremos encantadas de contar con máis axuda e así poder colaborar entre todos para que todas as vantaxes das que falamos se manteñan ou incluso medren. Toda axuda e incorporación é benvida... ninguén somos persoas expertas no labor, o único que se precisa son ganas!

Moitas grazas pola vosa atención, se tedes algunha consulta podédelas facer no correo electrónico **apatitongo@gmail.com**. Estaremos encantadas de escoitar e responder.

## BIENVENIDA AL CURSO 2025-26

Desde **ANPA TITONGO**, queremos daros la bienvenida a este nuevo curso a todas las familias, tanto a las que llegáis a la Escuela Monte Alto por primera vez, como a las que continúan con nosotros.

Aprovechamos para presentarnos. Somos la asociación de madres y padres de alumnos/as y nuestra función es completar con iniciativas útiles el trabajo que se hace desde la Escuela para ofrecer a nuestras niñas y niños lo mejor en esta etapa educativa. Además, también servimos de canal para representar y dar voz a las familias para que se tengan en cuenta nuestras opiniones en las administraciones implicadas en las decisiones sobre nuestra Escuela.

Como en cursos anteriores, este curso están previstas las siguientes acciones:

- **MÚSICA.** Llevamos años contando con Félix Arias, educador, compositor y músico de nuestra ciudad, que además de la actividad semanal está muy implicado en todos los proyectos de la Escuela. El objetivo de las sesiones es familiarizar a las niñas y a los niños con el mundo de la música (instrumentos, ritmos, bailes, canciones...) para estimular su desarrollo integral. Está dirigida a todo el alumnado del centro, realizándose dos sesiones semanales, una con cada grupo de edad dentro del horario escolar.
- **LAVANDERÍA.** Desde el curso 2019-2020 se inició la contratación de un servicio de lavandería para toda la ropa que emplean los niños y niñas a diario en la Escuela y la ANPA asume este gasto. De este modo, no renunciamos a los beneficios de usar los mandilones y baberos de manera compartida, igualitaria y siempre disponible, sin tener que encargarnos las familias de la limpieza. Este servicio cobra especial relevancia y utilidad para las familias que hacen uso del comedor.
- **COLABORACIÓN CON LA ESCUELA.** Colaboramos con la Escuela en todo lo que sea oportuno, como por ejemplo apoyo en fiestas y salidas, realización de propuestas para actividades complementarias, compra de materiales extra, etc. Sabemos que el equipo educativo está siempre atento a nuevos y mejores modos de educar a nuestras hijas e hijos, por eso estamos en continua comunicación para dar el soporte que podamos ofrecer.

La **ANPA TITONGO financia estas actividades** con el apoyo de las familias, y para que veáis que es necesario la colaboración de todas, los gastos fijos que os comentamos para este curso serían los siguientes:

- La actividad de música cuesta 140€/mes (1.300€/curso).
- La lavandería depende de los lavados que se hagan, pero supone alrededor de 55€/mes (600€/curso)

Las **vías de financiación** por el momento son estas:

- **CUOTA ANUAL:** Cada familia de la Escuela puede hacerse socia por un importe de 60€/curso (80€/curso para aquellas familias que tengan a más de un niño/a matriculado/a en la Escuela este curso).
- **LOTERÍA NAVIDAD:** Se vende desde finales de octubre Lotería de Navidad mediante participaciones de 5€ (se juegan 4€ en el sorteo y se aporta un donativo de 1€).

Si además de colaborar económicamente con la ANPA os animáis a dedicarle algo de tiempo, estaremos encantadas de contar con más ayuda, y así poder colaborar entre todos para que todas las ventajas de las que hablamos se mantengan o incluso crezcan. Toda ayuda e incorporación es bienvenida... nadie somos personas expertas en la labor, ¡lo único que se necesita son ganas!

Muchas gracias por vuestra atención, si tenéis alguna consulta la podéis hacer al correo electrónico **apatitongo@gmail.com**. Estaremos encantadas de responder.